

Foi escoitar o nome de Icía e sentir unha dor punzante coma se me arrincaran cos dentes parte do corazón. Continuei a marcha e coido que sen dar-me conta un sprint case enfermizo rematou nun portal vello pero acaído para romper a chorar.

Maldita sexa! Esta sociedade está montada para facer sentir inútil á xente. Espallan a mensaxe que se non traballas é culpa túa. Se non tes futuro é culpa túa. Se non podes cumprir os teus desexos é culpa túa. **Ti es o culpable de todo.**

O máis perigoso desta estratexia, deste xogo macabro no que acabamos participando todos é que se chegas a creelo nalgún momento, estás perdido.

Dicía David Le Breton que camiñar é unha evasión da modernidade, un xeito de burlarse dela, de deixala plantada, un atallo no ritmo desenfrenado da nosa vida e un modo de distanciarse, de aguzar os sentidos.

No meu caso comecei camiñando a bo ritmo para de contado descubrir que correr era para min unha liberación. Todas as mañás escorregábame o suor pola testa e sentía que cada un dos latexos que o peito me devolvía, eran pasos liberadores nun momento no que estaba fóra de xogo. Probara moitos xeitos de procurar a calma, todos sen éxito. Así é que cando albisquei que respirar, suar e poñer o corpo en movemento eran remedios eficaces para o meu atoamento, comecei a saír da espiral na que me atopaba.

Aquela mañá decidira facer o percorrido pola zona vella, quizáis o empedrado das rúas non fóra o máis axeitado para correr con zancada recia, pero gostaba de respirar os olores matinais dos fornos de leña, das especias das derradeiras tendas de ultramarinos, do peixe rebordando nas caixas camiño das casas de comidas e namentres pensaba isto, topei con Paulo.

Boas, canto tempo había que non te vía! Como vai a cousa? Xa atopaches traballo? A situación está frouxa e hai que poñerlle ganas pero...non te preocupes home! Polo menos terás máis tempo para estar con Icía...

Foi escoitar o nome de Icía e sentir unha dor punzante coma se me arrincaran cos dentes parte do corazón. Continuei a marcha e coido que sen dar-me conta un sprint

case enfermizo rematou nun portal vello pero acaido para romper a chorar.

Maldita sexa! Esta sociedade está montada para facer sentir inútil á xente. Espallan a mensaxe que se non traballas é culpa túa. Se non tes futuro é culpa túa. Se non podes cumprir os teus desexos é culpa túa. Ti es o culpable de todo.

O máis perigoso desta estratexia, deste xogo macabro no que acabamos participando todos é que se chegas a creelo nalgún momento, estás perdido.

Atopábame nunha das peores etapas da miña vida, quedara na rúa, estaba no paro con moitos dos meus soños disoltos polo camiño. Había tempo que abandonara o que me gustaba para gañarme a vida nun traballo estable e remunerado e agora as expectativas simplemente non existían...


Voltei para a casa coa certeza de que as batallas sempre debe libralas un consigo mesmo. Perto do portal apercibíase unha música de fox-trop contagiosa, rítmica e cunha letra do máis suxerente:

*Vós non reparastes no que pasa aquí de noite nos "supers"
van catro rapaces que non valen ren, a gracia está nos pés
levan zapatíños de charol cuarteado a flor posta no ollal
se unha moza chega alí é ten ganas de alternar
hai que lle da un vaído se pide champagne!*

*Eu non sei, pedir coñac, nin cointreau, nin chartreuse, nin champagne,
martin codax con sifon
vaia usted ao cabaret
vaia usted, verá usted o que ve
como bailan o foxtrot*

*Un fato de vellos van a pompadour dos que usan bisoñe
sonche máis pesados que o mulay hafid pero de cartos van ben
auga de solares piden de beber se acaso peppermint
e non sabes que has facer
se che piden para bailar
porque teñen a barriga coma un sidecar*

*Eu non sei, pedir coñac, nin cointreau, nin chartreuse, nin champagne,
martin codax con sifon
vaia usted ao cabaret
vaia usted, verá usted o que ve
como bailan o foxtrot*



Con pasos rápidos e curtos subín as escaleiras e bailei ate caer rendido. Despois tomei un baño e retirei da estantería o libro de Frédéric Gros, Andar. Unha filosofía.

“Camiñar ensíname a desobedecer...O camiño é neste caso, o exercicio artístico por excelencia, nel, a través del ou grazas a el, poden confluir todas as emocións, todas as reflexións que, expresadas hoxe en palabras serán a porta para comezar algo novo”

Hoxe comezo ese camiño, hoxe comeza a desobediencia.

